

25 Tempo Ordinario – B

EVANXEO

+ Marcos 9, 30-37

E marcharon de alí, atravesando a Galilea sen enredar nela, porque non quería que o soubese ninguén; pois ía informando ós discípulos, dicíndolles:

-O Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar.

Eles non entendían o que lles dicía, pero non se atrevían a preguntarllo.

Chegaron a Cafarnaún, e, cando estaban na casa, preguntoulles:

-¿De que viñades discutindo polo camiño?

Eles calaron, porque no camiño discutiran entre si sobre quen era o máis importante.

Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles:

-O que queira ser o primeiro, que sexa o derradeiro e o servidor de todos.

E, collendo un neno, púxoo no medio deles e abrazándoo, dixo:

-Quen acolle a un destes nenos no meu nome, acólleme a min; e quen me acolle a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou.

Palabra de Deus.

HOMILIA

20-09-2015

DÚAS ACTITUDES MOI DE XESÚS

O grupo de Xesús atravesa Galilea camiño de Xerusalén. Fano de xeito reservado, sen que ninguén se decate. Xesús quere dedicarse enteiramente a instruír aos seus discípulos. É moi importante o que quere gravar nos seus corazóns: o seu camiño non é un camiño de gloria, éxito e poder. Pola contra: conduce á crucifixión e ao rexeitamento, aínda que terminará en resurrección.

Aos discípulos non lles entra na cabeza o que lles di Xesús. Dálles medo ata preguntarlle. Non queren pensar na crucifixión. Non entra nos seus plans nin expectativas.

Mentres Xesús lles fala de entrega e de cruz, eles falan das súas ambicións: Quen será o máis importante no grupo? Quen ocupará o posto máis elevado? Quen recibirá máis honores?

Xesús «senta». Quere ensinarlles algo que nunca deben esqueceren. Chama aos Doce, os que están máis estreitamente asociados á súa misión, e invítaos a que se acheguen, xa que os ve moi distanciados del. Para seguiren os seus pasos e parecérense a el teñen de aprender dúas actitudes fundamentais.

- Primeira actitude: «*Quen queira ser o primeiro, que sexa o último de todos e servidor de todos*». O discípulo de Xesús ten de renunciar a ambicións, rangos, honores e vaidades. No seu grupo ninguén ha pretender estar sobre os demais. Ao contrario,

terá de ocupar o último lugar, pórse ao nivel dos que non teñen poder nin ostentan rango algún. E, desde aí, ser coma Xesús: «*servidor de todos*».

- A segunda actitude é tan importante que Xesús ilustra cun xesto simbólico entrañábel. Pon a un neno no medio dos Doce, no centro do grupo, para que aqueles homes ambiciosos se esquezan de honores e grandezas, e poñan os seus ollos nos pequenos, nos débiles, nos máis necesitados de defensa e coidado. Logo, abrázao e dilles: «*O que acolle a un neno coma este no meu nome, acólleme a min*». Quen acolle a un «pequeno» está acollendo ao máis «grande», a Xesús. E quen acolle a Xesús está acollendo ao Pai que o enviou.

Un Igrexa que acolle aos pequenos e indefensos está ensinando a acoller a Deus. Unha Igrexa que mira cara aos grandes e se asocia cos poderosos da terra está pervertendo a Boa Noticia de Deus anunciada por Xesús.

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

23-09-2012

POR QUE O ESQUECEMOS?

Camiño de Xerusalén, Xesús segue instruindo aos seus discípulos sobre o final que lle espera. Insiste unha vez máis en que será entregado aos homes e estes matarano, pero Deus resucitarao. Marcos di "que non o entenderon e dáballes medo preguntarlle". Nestas palabras adivíñase a pobreza dos cristiáns de todos os tempos. Non entendemos a Xesús e dámos medo profundar na súa mensaxe.

Ao chegar a Cafarnaún, Xesús pregúntalles: "De que discutiades polo camiño?". Os discípulos calan. Están avergoñados. Marcos dinos que, polo camiño, discutiran quen era o máis importante. Certamente, é vergoñoso ver ao Crucificado acompañado de cerca por un grupo de discípulos cheos de estúpidas ambicións. De que discutimos hoxe na Igrexa mentres dicimos seguir a Xesús?

Chegados á casa, Xesús dispónse a darlles unha lección. Necesítana. Estas son as súas primeiras palabras: "Quen queira ser o primeiro, que sexa o último de todos e o servidor de todos". No grupo que segue a Xesús, o que queira sobresaír e ser máis que os demais, hase pór o último, detrás de todos; así poderá ver que é o que necesitan e poderá ser servidor de todos.

A verdadeira grandeza consiste en servir. Para Xesús, o primeiro non é quen ocupa un cargo de importancia, senón quen vive servindo e axudando aos demais. Os primeiros na Igrexa non son os xerarcas senón esas persoas sinxelas que viven axudando a quen atopan no seu camiño. Non o esquezamos.

Para Xesús, a súa Igrexa debería ser un espazo onde todos pensan nos demais. Unha comunidade onde estamos atentos a quen nos pode necesitar. Non é soño de Xesús.

Para el é tan importante, que lles vai pór un exemplo ben gráfico.

Primeiro de nada, achega un neno e pono no medio de todos para que fixen a súa atención nel. No centro da Igrexa apostólica ha de estar sempre ese neno, símbolo das

persoas débiles e desvalidas, os necesitados de apoio, defensa e acollida. Non han de estar fóra, xunto á porta. Han ocupar o centro da nosa atención.

Logo, Xesús abraza ao neno. Quere que os discípulos o recorden sempre así.

Identificado cos débiles. Mentres tanto dilles: "O que acolle a un neno como este no meu nome, acólleme a min; e o que me acolle a min...acolle ao que me enviou".

O ensino de Xesús é claro: o camiño para acoller a Deus é acoller ao seu Fillo Xesús presente nos pequenos, os indefensos, os pobres e desvalidos. Por que o esquecemos tanto?

José Antonio Pagola

Traduciu: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>